

derreita enlaza o carreiro PR-G 201 Ruta Integral Serra Calva. Desde o cruzamento dos carreiros ata o fin da ruta aínda teremos que andar uns 20 minutos. Dende o final da senda, xusto na divisoria entre os vales do río Xares e do río Tera, atoparemos á nosa esquerda, cara ao Norte, o cumio de Pena Negra (2121 m) e máis próximo, á nosa dereita, o cumio de Pena Trevinca (2127 m).

O regreso pode realizarse polo mesmo trazado ou descender pola variante PR-G 198.1 do Val de Meladas e as minas.

A senda natural é estreita e bordeada por monte baixo, pero o uso constante mantena ben marcada. Á nosa esquerda deixaremos o cumio do Vildetrades, mentres avanzamos cara á crista do Lombo do Rocín, lugar onde o camiño vira cara ao Sur. Este paso no inverno adoita estar cuberto de xeo, facendo o seu tránsito perigoso ou ata imposible. As caldas das súas abas a ámbolos dous lados imponen respecto: á dereita o val do río Meladas e á esquerda o profundo Foxo Castaño.

Ao alcanzar as cotas do Sestil Alto e A Valiçota a senda perde o seu carácter tan agreste, abrindo uns suaves prados altos, outora pastos de verán, que permiten ver o nacemento do río Xares no alto do seu coigado val glaciarío. Á nosa

á dirección Este para serpear bordeando as lombas da Serra da Mina.

O Maluro (1931 m) será un punto de referencia case constante, pero malia parecer próximo, tardaremos case unhas 2 horas e media en chegar ao seu cumio. O carreiro non pasa polo punto xeodésico, pero si moi próximo.

Desde o Maluro a senda vira en dirección SE, discorrendo nunha sucesión de ascensos e descensos ata chegar á Poula de Campo Raso (1847 m). Neste punto coincide coa variante que vén por Meladas. Dende aquí a ascensión é máis alpina.

Dende a aldea de Vilanova, a ruta PR-G 198 Ruta do Maluro e Pena Trevinca (sendeiro de montaña), parte do cruzamento da pista das Minas Almas coa estrada que vai a Xares e á Ponte. Nese lugar atópase o panel con información deste percorrido.

Comeza a ascensión pola citada pista, ao principio asfaltada e pronto de terra, ancha e de bo firme, ata chegar a unha bifurcación a 700 metros da saída (uns 15 minutos).

Á dereita a pista continúa nun trazado suave (PR-G 198.1) en dirección ás minas dos alemáns, para logo realizar un ascenso forte na zona do Val de Meladas ata a Poula de Campo Raso. Á esquerda da bifurcación, a ascensión do carreiro principal (PR-G 198) gaña máis altura e vira pronto

Tempo aproximado de ida e volta: 7:30 horas.

VILANOVA (1200 m) – PENA TREVINCA (2127 m)



Marcas e sinais sendeiristas no percorrido

- Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.
- Mala dirección. Indica un camiño incorrecto.
- Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.
- Sinal nunha derivación: camiño de ida e volta dende a ruta principal.
- Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.

MIDE		PR-G 198 Ruta do Maluro e Pena Trevinca Sendeiro de Montaña		
	horario	7:30 horas		4 severidade do medio natural
	desnivel de subida	1065 m		3 orientación no itinerario
	desnivel de baixada	225 m		3 dificultade no desprazamento
	distancia horizontal	26 km		4 cantidade de esforzo necesario
	tipo de percorrido	lineal (ida/volta)	PR-G 198	
A ruta non está exenta de riscos: non é recomendábel para nenos. MIDE calculado para ascensión e regreso en condicións favorables de verán, sen neve e sen paradas. Sendeiro de montaña.		Mapas IGN 1:25.000: 228-II, 229-I, 229-III		

Concello da Veiga
Praza do Concello 1
32360 - A Veiga
Tel. 988 35 00 00
www.aveiga.es

Este sendeiro de montaña permite achegarse dende Vilanova case ata os cumios do Maluro, Pena Negra ou Pena Trevinca. É unha ruta de altura, que tanto no verán coma no inverno é atractiva, longa e fermosa, pero sempre esixente. Goza de paisaxes únicas que parecen constantes dende o distante pasado, pero que agachan moitos cambios e moita máis historia da que podemos intuír: antigos glaciares, paisaxes pastorís humanizadas, historias de volframio, de guerras e de fuxidos...

Camiños peiteados polo vento, unha e mil veces, que guían aos montañeiros e que protexen algunha vexetación escasa e en perigo de desaparecer. Axudemos á difusión e á conservación deste maravilloso espazo, coñecéndoo e respectándoo.

FEADER: Europa inviste no rural

galiciã

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA

PR-G 198
Ruta do Maluro e Pena Trevinca
Ruta homologada en 2016

Deseño: SEGATUR S.L. - Telf. 886 11 70 11 - www.segatur.com

PR-G 198



Concello da Veiga **GALICIA**

Ruta do Maluro e Pena Trevinca
Sendeiro de Montaña



Ruta sinalizada 1 mapa do percorrido escala 1:23.000

PR-G 198
Ruta do Maluro e Pena Trevinca
Ruta homologada en 2016



Vilanova

A Ponte

Maluro
1931 m

Pena Negra
2121 m

Pena Trevinca
2127 m

Alto do Turrieiro
1477 m

O Fial
1841 m



1:23.000

